

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN XEOGRAFÍA E HISTORIA.

CURSO 2021-2022

1. AVALIACIÓNS

A cualificación final de cada avaliación obterase da suma dos seguintes apartados, debendo ser igual ou superior a 5 puntos para unha avaliación positiva:

a) PROBAS ESCRITAS QUE SUPOÑEN UN 80% DA CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL (ATA 8 PUNTOS).

Nota media das probas realizadas durante a avaliación (2 ou máis probas). Supón ata un máximo de 8 puntos

Nestas probas escritas descontaranse 0,25 por cada 2 faltas de ortografía ata un máximo de 2 puntos.

b) TRABALLOS QUE SUPOÑEN UN 20 % DA CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL (ATA 2 PUNTO).

Neste apartado figuran: os exercicios, a entrega de pequenos traballos individuais (mapas, gráficos, comentarios, resumos, ...), traballos de investigación, que deberán ser presentados en prazo e na debida forma. A media das notas obtidas en todos eles supón ata un máximo de 2 puntos (20%)

2. RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Despois de cada avaliación, faremos recuperación da mesma, mediante unha proba na que só se recuperará o parcial suspenso ou todos de ser o caso (consideramos suspensos aqueles con nota inferior a 5). **A nota obtida na proba suporá como mínimo un 80 % da nota final de recuperación.**

Tamén como parte da recuperación, o profesor poderá esixir ao alumno a entrega de traballos que non presentara ou non fixera correctamente durante a avaliación ou tamén a elaboración de actividades destinadas a facilitar a súa recuperación (dossier de exercicios, resumos, esquemas, ...). Nese caso, a **entrega destes traballos suporá ata un máximo do 20% na nota final da recuperación.**

3. AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

No caso de que o alumnado chegue á Avaliación Final Ordinaria con algunha avaliación suspensa, despois de xa feita a correspondente recuperación, terá suspensa a materia e deberá presentarse ao exame da Avaliación Final Extraordinaria.

Cando un alumno/a teña as 3 avaliacións aprobadas, a nota final será a media das mesmas.

4. RECUPERACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA

Na Avaliación Final Extraordinaria só deberá recuperar cada avaliación suspensa na súa totalidade (non só os parciais suspensos) mediante unha única proba con independencia que sexa 1, 2 ou as 3 avaliacións suspensas. Polo tanto, só os alumnos coas 3 avaliacións suspensas deberían facer o exame da totalidade da materia.

A non superación da Avaliación Final de Extraordinaria suporá que o alumno/a queda coa totalidade da materia pendente, no caso de promoción ao curso seguinte.

5. OUTRAS VALORACIÓNS

1. Cando un alumno non se presente a un exame, para poder realizalo, deberá xustificar documentalmente a súa ausencia (agás no caso de ausencias contempladas no protocolo COVID-19). De non xustificalo, terá oportunidade de realizar o mesmo no momento da recuperación.
2. No caso de que un alumno sexa sorprendido copiando (chuletas, dun compañeiro, teléfono, ...) terá nese exame unha cualificación de 0 puntos.